A cultura da interdisciplinariedade créase cando é necesaria. No grupo interdisciplinar é clave combinar o nivel de "experto" de cada profesional, coñecer o contexto do paciente, e súa contorna, sendo capaz de levar a cabo unha efectiva comunicación, manexo das emocións, mantemento do respecto, solucionar os conflitos de modo construtivo e facilitar o crecemento e construción do grupo

O traballo interdisciplinario en saúde mental tería que ser máis relevante, pero hai toda unha serie de limitacións para facelo. O ideal é unha colaboración estreita entre os profesionais, que como dixemos pode facerse nunha unidade de internamento, pero non

sempre é eficiente nun centro de saúde mental. De aí a necesidade de buscar o equilibrio, mellorar a eficiencia e obter o mellor resultado con cada paciente.

As reunións de equipo facilitan a interdisciplinariedade, e fan o traballo clínico cotián máis eficiente. Permiten coñecer distintos puntos de vista, ver a evolución do tratamento dos pacientes, a través do seu seguimento, que tratamentos funcionan mellor, que abordaxes terapéuticas son máis eficientes, e coñecerse mellor os membros do equipo e, con todo iso, desenvolver un modelo colaborativo.

É moi clarificador o traballo de Bemme e Kirmayer (2020) no que indican que lograr unha mellora da saúde mental pasa por abrir novas perspectivas, tendo en conta os factores culturais e o contexto, xunto os outros factores máis clásicos que coñecemos das causas dos trastornos mentais, e ter sempre presente os continuos cambios que se producen cada década, en cada país, en cada rexión, os cales con frecuencia relaciónanse cunha maior ou menor prevalencia de trastornos mentais nese momento concreto.

Todo o anterior leva, como corolario, á necesidade de ter unha boa coordinación. Correspóndelle facela aos responsables sanitarios, sexa en servizos centrais ou en cada área sanitaria. E tamén en cada dispositivo segundo a súa carteira de servizos. Sen coordinación as unidades, servizos e dispositivos non funcionarán adecuadamente. Esta coordinación esixe tamén que vaia acompañada de medios suficientes para que os profesionais poidan ofrecer unha boa asistencia sanitaria aos seus pacientes con trastornos mentais.

11.5. Perspectiva de futuro desde a situación actual

A partir da análise desenvolvida neste informe, é evidente que a prevalencia dos trastornos mentais manterase estable nos niveis actuais ou, de maneira máis probable, experimentará un aumento progresivo nos próximos anos. Por iso, consideramos que hai varios aspectos aos que haberá que prestar unha especial atención, na liña do que fomos expoñendo nas páxinas anteriores, e que presentamos a continuación en forma de decálogo:

1. *Monitoraxe epidemiolóxica e etiolóxica continua*. É fundamental establecer sistemas fortes de vixilancia epidemiolóxica para cuantificar a incidencia e prevalencia dos trastornos mentais, así como identificar os seus factores etiolóxicos e de risco (ex., o incremento do estrés, o cambio na dinámica laboral, a nova soidade, distorsións cognitivas e crenzas erróneas, expectativas inadecuadas, problemas das persoas que non saben como resolver, a incidencia da bioloxía e da xenética, padecer enfermidades, etc.). Este coñecemento permitirá desenvolver estratexias preventivas eficaces, orientadas tanto á promoción da saúde mental como ao manexo temperán de síntomas e signos incipientes, potenciando a autoeficacia e o acceso oportuno ás intervencións terapéuticas.
2. *Incremento da conciencia e alfabetización en saúde mental*. Nos últimos anos, vénselle prestando máis atención, sobre todo a partir da pandemia do covid-19, polos problemas de malestar e posteriores trastornos mentais que afloraron despois do confinamento. Esta conciencia debe servir parar mellorar a asistencia e previr a aparición de novos trastornos.
3. *Focalización nos trastornos de maior carga epidemiolóxica*. Débese priorizar a atención e recursos cara aos trastornos máis prevalentes, como os trastornos de ansiedade, depresivos, adaptativos e por uso de substancias, dada a súa alta incidencia, impacto socioeconómico, e carga sobre o benestar individual e colectivo. Con todo, débese garantir tamén unha cobertura integral para outros trastornos menos frecuentes, pero igualmente relevantes.

4. *Abordaxe estratificado segundo grupos etarios e características sociodemográficas*. A heteroxeneidade na presentación e evolución dos trastornos mentais require unha diferenciación clara na atención á infancia e adolescencia, idade adulta e terceira idade. Ademais, hai que considerar a especial prevalencia en mulleres de certos trastornos (ex., depresión) e grupos vulnerables (ex., fillos de pacientes con trastornos mentais). Na práctica, a asistencia adoita organizarse en función deses grupos. Igualmente, debe terse en conta as diferenzas claras que hai por sexo e por xénero, sobre todo desenvolvendo tratamentos máis adaptados.
5. *Especial atención aos trastornos mentais graves*. Os trastornos mentais graves, pola súa complexidade clínica, esixen máis recursos, máis atención asistencial, máis hospitalizacións e con frecuencia teñen máis problemas no seu manexo terapéutico. Aquí débese primar buscar novos tratamentos, introducir abordaxes innovadoras, facer seguimentos sistemáticos dos pacientes, etc.
6. *Fortalecemento e ampliación de recursos humanos e materiais*. Fóronse incrementando nos últimos anos, fíxose un esforzo neste sentido, pero aínda é insuficiente. Sobre todo, precísase incrementar a dotación profesional, a capacitación continua e a incorporación de novas terapias e modelos asistenciais baseados na evidencia. É necesario garantir que os profesionais dispoñan do tempo e os medios adecuados para ofrecer unha atención de calidade, dada a complexidade e cronicidade frecuente dos trastornos mentais.
7. *Optimización e equidade na implementación de tratamentos*. A mellora constante das intervencións terapéuticas, a incorporación de tecnoloxías innovadoras e a avaliación rigorosa do custo-efectividade son cruciais para maximizar o impacto clínico e social. Débese asegurar que os tratamentos estean accesibles de maneira equitativa en todas as áreas xeográficas e grupos demográficos, especialmente naqueles con maior prevalencia ou necesidade. Hai tratamentos eficaces para os distintos trastornos mentais e hai bos profesionais formados para aplicalos eficientemente. Só falta que se poida facer de modo sistemático e con eficiencia.
8. *Desenvolvemento e implementación de programas de prevención*. A prevención primaria, secundaria e terciaria dos trastornos mentais debe consolidarse mediante programas universais, selectivos (para grupos de risco, ex., fillos de pacientes con trastornos mentais) e indicados (para individuos con alto risco; ex., que as persoas con problemas psicóticos non comecen a consumir cannabis), dirixidos á poboación xeral e a grupos de risco específicos. A evidencia suxire que tales intervencións poden reducir a incidencia e mellorar o prognóstico a longo prazo, polo que o seu desenvolvemento e expansión deben considerarse prioritarios.
9. *Erradicación do estigma e discriminación asociados aos trastornos mentais*. A persistencia do estigma constitúe unha barreira crítica para a procura de axuda e a inclusión social. Requírese un esforzo multidimensional para promover a aceptación social, a sensibilización comunitaria e a protección dos dereitos humanos das persoas con trastornos mentais, con especial énfase naqueles con trastornos mentais graves.
10. *Sostemento do compromiso político e social cara á saúde mental*. Finalmente, é imprescindible manter un interese continuo e un compromiso sostido por parte dos sistemas sanitarios, institucións públicas e sociedade civil para garantir que as persoas afectadas por trastornos mentais reciban atención adecuada e oportuna, apoiada por recursos suficientes e estratexias actualizadas.

Referencias

Barber, P. e González, B. (2024). *Actualización: Informe de necesidades de médicos especialistas en España 2023-2035*. Ministerio de Sanidad.

Bemme, D. e Kirmayer, L. J. (2020). Global Mental Health: Interdisciplinary challenges for a field in motion. *Transcultural Psychiatry*, *57*(1), 3–18.

Bernal-Arenas, M., Arroyo-Sánchez, A., Torres Parejo, Ú. e Muñoz-Negro, J. E. (2025). A systematic review and meta-analysis on gender differences in the treatment of anxiety and depression. *International Journal of Social Psychiatry*, 207640251331898.

Brandt, L., Efthimiou, O., Siafis, S., Schneider-Thoma, J., Stuke, H., … Leucht, S. (2025). Antipsychotic acute-phase treatment in individuals with and without recent treatment: An individual participant data meta-analysis. *JAMA Psychiatry*, e250587

Catarino, A., Harper, S., Malcolm, R, Stainthorpe, A., Warren, G, … Welchman, A. E. (2023). Economic evaluation of 27,540 patients with mood and anxiety disorders and the importance of waiting time and clinical effectiveness in mental healthcare. *Nature Mental Health, 1*, 667-678.

Consello de Contas de Galicia (2025). *Informe de auditoría operativa de las actuaciones, planes, proyectos y programas no ámbito da saúde mental. Ejercicios 2020-2023*. Consello de Contas. En: https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2025/IF_Auditoria_Operativa_Actuacions_Plans_Proxectos_Programas_Ambito_Saude_Mental_C.pdf

Costa, G. P. A., Assunção, B. R., Belfort-DeAguiar, R. e Nunes, J. C. (2025). Pharmacotherapies for binge eating disorder: Systematic review and network meta-analysis. *Obesity Reviews*, e13936.

Crespo-Facorro, B., Bernardo, M., Argimon, J. M., Arrojo, M., Bravo-Ortiz, … Arango, C. (2017). Effectiveness, efficiency and efficacy in the multidimensional treatment of schizophrenia: Rethinking project. Eficacia, eficiencia y efectividad en el tratamiento multidimensional de la esquizofrenia: proyecto Rethinking. *Revista de Psiquiatría y Salud Mental*, *10*(1), 4–20.

Cuijpers, P., Harrer, M., Miguel, C., Ciharova, M. e Karyotaki, E. (2025). Five decades of research on psychological treatments of depression: A historical and meta-analytic overview. *American Psychologist, 80*(3), 297-310.

Duro, J. C. (2021). ¿Sabemos cuántos profesionales especialistas en psicología clínica trabajan en el Sistema Nacional de Salud español? *Papeles del Psicólogo, 42(2),* 81-93.

Everhart, S. A., Han, S. C. e Durazo-Arvizu, R. (2025). Family-based treatment in higher levels of care: A systematic review and meta-analysis. *European Eating Disorders Review,* 10.1002/erv.3208.

Fernández-García, X. (2021). Situación de la psicología clínica en el Sistema Nacional de Salud (SNS) y perspectivas de crecimiento. *Ansiedad y Estrés, 27*, 31-40.

Fischer, C. E., Namasivayam, A., Crawford-Holland, L., Hakobyan, N., Schweizer, T. A., Munoz, D. G. e Pollock, B. G. (2022). Psychotic disorders in the elderly: Diagnosis, epidemiology, and treatment. *Psychiatric Clinics of North America*, *45*(4), 691–705.

Grande, I., Berk, M., Birmaher, B. e Vieta, E. (2016). Bipolar disorder. *Lancet*, *387*(10027), 1561–1572.

Grupo de trabajo de la actualización de la Guía de Práctica Clínica sobre la Depresión Mayor en la Infancia y la Adolescencia [Grupo Trabajo Depresión Adultos] (2018). *Guía de Práctica Clínica sobre la Depresión Mayor en la Infancia y la Adolescencia. Actualización en 2021*. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Unidad de Asesoramiento Científico-técnico (Avalia-t).

Grupo de trabajo de la Guía de Práctica Clínica sobre el Manejo de la Depresión en el Adulto [Grupo Trabajo Depresión Infanto-Juvenil] (2013). *Guía de Práctica Clínica sobre el Manejo de la Depresión en el Adulto.* Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias de Galicia (Avalia-t).

Grupo de trabajo de la Guía de Práctica Clínica sobre Prevención y Tratamiento de la Conducta

suicida [Grupo Trabajo Suicidio] (2010). *Guía de Práctica Clínica sobre Prevención y Tratamiento de la conducta suicida. Actualizada en 2020*. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias de Galicia (Avalia-t).

IDIS (2023). *Aproximación a la salud mental en España*. IDIS, Asociación para el Desarrollo e Integración de la Sanidad. En: https://www.fundacionidis.com/informes/otros-informes/aproximacion-a-la-salud-mental-en-espana

McCutcheon, R. A., Reis Marques, T. e Howes, O. D. (2020). Schizophrenia-an overview. *JAMA Psychiatry*, *77*(2), 201–210.

Pike, B., Ambrosio, L. e Ellett, L. (2025). Brief psychological interventions for schizophrenia: a systematic review and meta-analysis. *Psychological Medicine, 55*, e146.

SEPSM (2024). *Libro blanco de la psiquiatría en España*. Sociedad Española de Psiquiatría y Salud Mental.

Shultz, C., Walker, R., Bessarab, D., McMillan, F., JacLeod, J. e Marriott, R. (2014). Working together: Aboriginal and Torres Strait Islander mental health and wellbeing principles and practice (2nd ed.). En P. Dudgeon, H. Milroy e R. Walker (Eds.), *Interdisciplinary Care to Enhance Mental Health and Social and Emotional Wellbeing*. Commonwealth of Australia.

Smith, O. R. F., Clark, D. M., Hensing, G., Layard, R. e Knapsta, M. (2025). Cost-benefit of IAPT Norway and effects on work-related outcomes and health care utilization: results from a randomized controlled trial using registry-based data. *Psychological Medicine, 55,* 286.

Vigo, D. V., Stein, D. J., Harris, M. G., Kazdin, A. E., Viana, M. C., … World Mental Health Survey Collaborators (2025). Effective treatment for mental and substance use disorders in 21 countries. *JAMA Psychiatry*, *82*(4), 347–357.

Visser, I., van der Mheen, M., Dorsman, H., Knipschild, R., Staaks, J., … Lindauer, R. J. L. (2025). Post-traumatic stress disorder rates in trauma-exposed children and adolescents: updated three-level meta-analysis. *British Journal of Psychiatry*, 1–9.

Xunta de Galicia (2020). *Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024*. Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, Dirección Xeral de Atención Sanitaria.

Capítulo 12
Recomendacións

1. A nivel social
2. A nivel sanitario
    - 2.1. En atención primaria
    - 2.2. En atención especializada á saúde mental
    - 2.3. Noutros recursos asistenciais
3. A nivel laboral

Recomendacións

Como resultado de todo o Informe, fanse as seguintes recomendacións para a procura dunha mellora da saúde mental en Galicia.

a) No eido social

1) Fortalecer a atención á saúde mental mediante campañas de información e concienciación dirixidas a toda a poboación, incluídos os medios de comunicación para maximizar a difusión. É fundamental visibilizar os problemas de saúde mental, o elevado número de persoas afectadas, a necesidade de que sexan apoiadas e facilitar o seu acceso aos servizos sanitarios.

2) Potenciar a realización de estudos para ter datos fiables e obxectivos sobre a problemática da saúde mental na poboación galega, tanto en nenos como en adolescentes, adultos e persoas maiores.

3) Introducir e potenciar programas eficaces para a prevención dos trastornos mentais en toda a sociedade, pero especialmente no contexto escolar e universitario, no campo laboral e nos colectivos que teñen maior risco de desenvolvelos.

4) Transmitir aos responsables políticos e lexislativos que a saúde mental é un problema importante de saúde, que precisa maior atención e dispoñer dos recursos materiais e humanos suficientes para prestar unha boa asistencia sanitaria. Así, poderase reducir a incidencia dos trastornos mentais, axudar a mellorar a calidade de vida das persoas que os sofren e ter unha mellor saúde toda a sociedade.

5) Os problemas de saúde mental están influídos por múltiples factores, que poden presentarse separadamente ou varios á vez nunha persoa, como son os biolóxicos e xenéticos, os ambientais e sociais (culturais, familiares, crianza, ecolóxicos, escolares, socioeconómicos, laborais) e psicolóxicos. Xa que algúns se poden reducir ou cambiar (ex., o estrés laboral, a pobreza, o acoso, a discriminación, os nesgos cognitivos), deben priorizarse aqueles que favorecen que as persoas teñan unha mellor saúde mental.

6) Dado que temos identificados os principais factores que se relacionan co incremento actual dos trastornos mentais, deben tomarse medidas de tipo social, educativas e sanitarias para reducir o seu impacto, como son, entre outros, a soidade, sobre todo nos anciáns, os novos tipos de convivencia e de familias, a priorización do traballo, a mobilidade laboral, o alto nivel de competitividade e estrés, os novos valores sociais, a frecuente frustración nunha sociedade consumista, o uso problemático que fai sobre toda a mocidade das redes sociais en Internet, etc.

7) Pola relevancia que cobraron os problemas de saúde mental nos últimos anos, debería introducirse no currículum escolar, xa desde idades temperás, programas para mellorar a saúde mental e desenvolver adecuadas habilidades sociais, emocionais e de afrontamento para a vida cotiá.

8) Como se evidenciou na pandemia do covid-19, e pospandemia, os profesionais sanitarios víronse sometidos a un enorme esforzo e presión asistencial, que tamén incidiu na súa saúde mental. Esta presión asistencial continúa, como é claro en atención primaria e en saúde mental. Por iso, debe implantarse unha adecuada organización do traballo, medidas preventivas para reducir o estrés e o *burnout* dos profesionais sanitarios e que dispoñan do tempo necesario para a adecuada atención aos pacientes.

b) No eido sanitario

b.1) En atención primaria

9) Aumentar os recursos para unha mellor atención á saúde mental (tanto materiais como humanos) nos equipos de atención primaria, por ser a porta de entrada da maioría dos pacientes que teñen trastornos mentais.

10) Manter unha formación continua para todos os profesionais do equipo de atención primaria en cuestións de saúde mental, polo alto nivel de pacientes que ven diariamente nas súas consultas, en aspectos como a detección precoz dos trastornos, a abordaxe básica do malestar, a actualización no manexo de psicofármacos, non abusar da prescrición, a adecuada derivación, etc.

11) Introducir paulatinamente profesionais da Psicoloxía Clínica nos centros de Atención Primaria para a atención áxil aos pacientes con trastornos mentais, no seu propio contexto cando non esixan derivación ás Unidades de Saúde Mental, con intervencións breves e/ou grupais para o seu tratamento ou para previr o agravamento e/ou cronificación dos seus trastornos.

12) Potenciar a creación de novos programas asistenciais en saúde mental nos centros de Atención Primaria para as persoas con trastornos mentais que permitan unha mellor atención ás demandas que presentan os pacientes.

13) Poñer en marcha programas de prevención dos trastornos mentais, sobre todo para os trastornos de ansiedade e trastornos depresivos, así como potenciar outros existentes. Estes deben implantarse tanto nos centros de Atención Primaria como noutros contextos comunitarios aos que se poida chegar.

14) Promover a dispoñibilidade de teleconsultas co equipo de saúde mental como unha ferramenta complementaria á atención presencial, permitindo tanto unha maior accesibilidade e continuidade de coidados como un maior apoio aos profesionais de atención primaria.

15) Ofrecer atención con axuda de intérpretes e contemplar a ampliación do tempo de consulta a pacientes que falen outras linguas e que teñen trastornos mentais.

16) Elaborar guías clínicas/protocolos estandarizados dos trastornos mentais específicos para aplicar na consulta de atención primaria.

b.2) En atención especializada á saúde mental

17) Poñer en marcha programas e tratamentos innovadores, así como unidades específicas e potenciar as existentes (ex., Unidades de Prevención da Conducta Suicida) para mellorar a asistencia á saúde mental.

18) Asegurar a atención á saúde mental ao longo de todo o ciclo vital, nenez, adolescencia, idade adulta e senectude, con unidades específicas, dado que os problemas de saúde mental varían en función das distintas etapas da vida.

19) Incrementar o número de profesionais de Psiquiatría, Psicoloxía Clínica e Enfermería especialista en saúde mental, nos distintos dispositivos de saúde mental, para asegurar unha atención de calidade e chegar ás ratios recomendadas deses profesionais.

20) Mellorar os tratamentos dispoñibles para os trastornos mentais (psiquiátricos, psicolóxicos e outros) tanto a nivel ambulatorio como hospitalario, xunto á continua actualización dos profesionais.

21) Potenciar os espazos de coordinación tanto entre o equipo de atención primaria como cos demais profesionais das unidades de Saúde Mental ou outros

dispositivos hospitalarios. Neles débese facilitar o traballo multidisciplinar poñendo ao paciente no centro da abordaxe terapéutica.

22) Favorecer a atención, para aqueles pacientes que o precisan, fóra do hospital, coa participación activa de pacientes e familias.

23) Reducir as listas de agarda a través da mellora e optimización de recursos, profesionais e adecuados sistemas de derivación.

b.3) Noutros recursos asistenciais

24) Aplicar os mesmos criterios anteriores a outros recursos conveniados, como son a rede do Plan de Galicia sobre Drogas, as asociacións de ex-alcohólicos ou os centros de rehabilitación psicosocial para persoas con trastorno mental grave, entre outras.

25) Optimizar a colaboración cos recursos sociais existentes de saúde mental, como son as asociacións de pacientes, familiares, etc., que axudan ás persoas con trastornos mentais, para complementar os dispositivos públicos existentes.

c) No eido laboral

26) Aumentar a conciencia dos traballadores, empresarios, organizacións sindicais, organizacións empresariais, responsables políticos e lexislativos, sobre a presenza dos trastornos mentais no eido laboral e a súa incidencia negativa no rendemento laboral, absentismo e baixas laborais.

27) Dada a relevancia dos trastornos mentais no eido laboral, é necesario aumentar o coñecemento existente sobre eles, establecer intervencións de tipo preventivo, fomentar a detección temperá, facilitar o acceso á asistencia e facer unha adecuada incorporación laboral ao posto de traballo no caso de haber unha incapacidade laboral transitoria para evitar as recaídas.

28) Prestar unha especial atención aos riscos psicosociais no eido laboral que incrementan o risco de poder desenvolver trastornos mentais, así como levar a cabo accións para reducilos.

29) Mellorar a lexislación laboral para protexer ás persoas que teñen trastornos mentais, sobre todo para evitar o estigma e a marxinación, e para que reciban o mellor tratamento posible para facilitar a súa incorporación ao seu posto de traballo.

30) Potenciar políticas laborais saudables que incidan positivamente nunha mellor saúde mental, como son impulsar medidas que favorezan a conciliación, a redución do estrés laboral, a prevención do *burnout*, a flexibilidade horaria, o adestramento en resolución de conflitos, a participación activa nas tarefas e decisións da empresa, etc.

31) Garantir a reintegración dos traballadores tras unha baixa por un trastorno mental evitando calquera forma de estigmatización ou discriminación por medio de normas legais apropiadas, un funcionamento eficaz da inspección de traballo, o seguimento desde o servizo de vixilancia da saúde, así como a responsabilidade activa dos empregadores e da contorna laboral. A reincorporación debe desenvolverse en igualdade de condicións que calquera outra baixa por enfermidade.